

RESOLUCIÓN DO TRIBUNAL ADMINISTRATIVO DE RECURSOS CONTRACTUAIS DO PARLAMENTO DE GALICIA

Visto o recurso especial en materia de contratación interposto por D. Francisco Manuel Rodríguez-Moret Mouriño contra o Acordo da Mesa de Contratación de 9 de xullo de 2019, de exclusión do procedemento de contratación para a subministración de bens consumibles por prezo unitario, mediante procedemento aberto, este Tribunal Administrativo de Recursos Contractuais do Parlamento de Galicia adoptou a seguinte Resolución:

ANTECEDENTES DE FEITO

Primeiro.- O 27 de maio de 2019 a Mesa do Parlamento de Galicia iniciou o procedemento e aprobou os pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas da contratación administrativa para a subministración de bens consumibles, mediante procedemento aberto.

Segundo.- Dentro do prazo de presentación de ofertas, segundo se reflicte no certificado do Servizo de Asistencia Parlamentaria, Don Francisco Manuel Rodríguez-Moret Mouriño presentou a súa proposición relativa ao lote 2 (material de imprenta) a través da plataforma de licitación electrónica do Parlamento e caixa con mostras a través do Rexistro Xeral da Cámara (registro nº 52041).

Terceiro.- Reunida a Mesa de Contratación deste procedemento o 9 de xullo de 2019, procedeuse á apertura do arquivo electrónico relativo ao sobre A, correspondente á documentación administrativa. Segundo consta na acta de reunión, a Mesa de Contratación comprobou que o sobre electrónico do licitador incluía, ademais da documentación administrativa requirida, un arquivo excel cos prezos dos produtos e o importe global da súa oferta económica, considerando a dita Mesa que de acordo co establecido no prego de cláusulas administrativas desa contratación a oferta económica debería terse incluído, no sobre C.

En consecuencia, a Mesa de Contratación, adoptou o Acordo de excluír do procedemento de contratación a Don Francisco Manuel Rodríguez Moret Mouriño, por ter presentado no sobre A o arquivo excel cos prezos dos produtos e o prezo global total da súa oferta.

Con data 12 de xullo de 2019 o xefe do Servizo de Persoal e Réxime Interior, vogal tamén da Mesa de Contratación, asinou a notificación do Acordo da Mesa de Contratación. A notificación foille realizada ao interesado ao través da plataforma de licitación electrónica do Parlamento de Galicia o mesmo día 12 de xullo de 2019. No expediente consta a recepción e aceptación da notificación ao través da propia plataforma o día 17 de xullo de 2019.

Cuarto.- Con data 31 de xullo de 2019, tivo entrada no Rexistro do Parlamento de Galicia un escrito (documento nº 53075) de Don Francisco Manuel Rodríguez Moret Mouriño, no que refire a confusión na presentación da súa proposición, admite a incorporación da oferta económica no sobre A, e solicita a súa inclusión no procedemento de licitación. Este escrito, foille remitido ao Servizo de Persoal e Réxime Interior, unidade competente en materia de contratación, o cal ao abeiro do establecido no artigo 56.2 da Lei 9/2017 do 8 de novembro, de contratos do Sector Público (en adiante LCSP), remitiuno a este Tribunal de Recursos Contractuais, xunto co

expediente administrativo e o correspondente informe, ao entender que se trataba dun recurso especial en materia de contratación, contra o referido Acordo de exclusión da Mesa de Contratación.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- Ao abeiro do establecido no acordo da Mesa do Parlamento de Galicia de 30 de maio de 2017, polo que se regula a creación do Tribunal Administrativo de Recursos Contractuais do Parlamento de Galicia, corresponde a este Tribunal a competencia para resolver este recurso.

Segundo.- A pesar de que o escrito de Don Francisco Manuel Rodríguez Moret Mouriño adoece de certa inconcreción, na medida en que non o cualifica como recurso, nin expresa nel o órgano ao que se dirixe, do seu contido parece deducirse que se trata dun recurso especial en materia de contratación contra o referido acordo de exclusión da Mesa de Contratación.

Polo tanto, e malia o anterior, considérase que o presente recurso tramitouse conforme aos artigos 44 a 60 da LCSP.

Terceiro.- O recorrente está lexitimado para interpoñer o presente recurso, por ter sido excluído dunha licitación a que ten concorrido e respecto da que ten interese lexítimo en resultar adxudicatario.

Cuarto.- O recurso foi presentado no prazo de quince días hábiles previsto no artigo 50.1 da LCSP.

Quinto.- En canto ao fondo do recurso, cómpre sinalar que a igualdade de trato e a transparencia son piares básicos do procedemento de adxudicación dos contratos. Ambos principios reflíctense na LCSP en cuxo artigo 1 establécese que un dos seus fins é o de garantir os principios de “*publicidade e transparencia dos procedementos, e non discriminación e igualdade de trato entre os licitadores*”. O artigo 132 da LCSP reitera os ditos principios ao referirse aos procedementos de adxudicación e dispón que “*os órganos de contratación darán aos licitadores e candidatos un tratamento igualitario e non discriminatorio e axustarán a súa actuación aos principios de transparencia e proporcionalidade*”.

A esixencia da publicidade na apertura das proposicións dos licitadores, froito do principio de transparencia, está recollido no artigo 157.4 da LCSP, que dispón “*en todo caso, a apertura da oferta económica realizarase en acto público*”. Ademais, no artigo 139.2 desta Lei sinálase que “*as proposicións serán segredas e arbitraránse os medios que garantan tal carácter ata o momento de apertura das proposicións*”.

Desta regulación dedúcese que rompe o segredo das proposicións e, polo tanto é contrario ao mandato legal, calquera acto que implique o coñecemento do contido das proposicións antes de que se celebre o acto público para a súa apertura.

Son numerosos os pronunciamentos dos distintos órganos competentes para coñecer os recursos especiais en materia de contratación pública, os cales manteñen unha doutrina unánime acerca

das consecuencias que ten o incumprimento das esixencias relativas á necesidade de presentar a documentación dos licitadores en sobres separados e manter así o segredo da oferta económica ata o momento da súa apertura en acto público. Tamén existe unha reiterada doutrina da Xunta Consultiva de Contratación Administrativa, que neste sentido ten sinalado que o incumprimento das normas do prego cando este esixa a presentación das documentacións técnica e económica en sobres separados, co obxecto de permitir a apertura sucesiva de ambas, determinará a inadmisión dos licitadores que incorresen nese incumprimento (por toda, Informe 43/2002).

O prego de cláusulas administrativas particulares desta contratación clarifica perfectamente a documentación a presentar en cada sobre, explicitando na cláusula sétima e no apartado 9 do seu cadro de especificacións, que a oferta económica debe incluírse no sobre C.

Consideramos polo tanto, que a inclusión da oferta económica por parte de Don Francisco Manuel Rodríguez Moret Mouriño no sobre A, desvela o seu segredo antes da celebración do acto público de apertura de ofertas, e infrinxe os principios de igualdade de trato e non discriminación, o que determina necesariamente a exclusión deste licitador.


Por todo o anterior, vistos os preceptos legais de aplicación, **este Tribunal**

RESOLVE:

Desestimar o recurso interposto por de Don Francisco Manuel Rodríguez Moret Mouriño, contra o acordo da Mesa de Contratación de 9 de xullo de 2019 de exclusión do procedemento de contratación para a subministración de bens consumibles por prezo unitario.

Esta resolución, directamente executiva no seus propios termos, é definitiva na vía administrativa e contra a mesma cabe interpoñer recurso perante a Sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, a contar desde o día seguinte á notificación desta resolución, de conformidade co disposto nos artigos 10.1.k) e 46.1 de la Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 9 de agosto de 2019



Tribunal Administrativo
de Recursos contractuais do Parlamento de Galicia